

Anónimo 1 ou Martim Soares

Rubrica

Nunca tam coitad'home por molher
fui com'eu por ūa que me nom quer
fazer bem; pero, se mi o nom fezer,
é cousa guisada
de nom viver nada;
se mi Deus nom der
bem da bem talhada,
nem vida longada
nom mi há mim mester.

Melhor mi seria a mim de morrer
ca sempr'assi como vivo viver
coitado, pola que nom quis dizer
a mim noutro dia
o per que guarria,
per que gram prazer
ela me faria;
par Santa Maria,
nom mi o quis fazer!

E poila eu vi, sempr'a vi punhar
em me de seu preito e de si quitar;
mais agora já, por me mais coitar,
por ende me disse
que a nunca visse
em logar estar
que lh'eu nom fugisse
e que a nom visse,
por mi a mim matar.